

# Personaxes

- Narrador/a.
- Fernando VII.
- Carlos IV “O cazador”
- Napoleón Bonaparte.
- Manuel Godoy (Valido)
- Cidadáns/cidadás 1 e 2

# Introdución

**Narrador/a:**

-No século XVIII, España tiña un rei chamado Carlos IV. Pero, en lugar de gobernar, adicábase a cazar cervos todo o día...

# Escena

**Carlos IV:** *[feliz]*

-Ah, que marabilla de día para cazar! Gobernar? Iso xa o fai o meu amigo Godoy... *[Entra Godoy con aire importante e abanico.]*

**Godoy:**

-Tranquilo, Maxestade, que eu encárgome de todo. ¡Son o valido máis válido!  
*[Saen da escena Carlos IV e Manuel Godoy collidos polos ombros]*

**Narrador/a:**

-Mentres tanto, en Francia, Napoleón Bonaparte tiña plans... grandes plans.  
*[Entra Napoleón cun sombreiro e un mapa.]*

**Napoleón:**

-Hmmm... Se firmo un tratado con Godoy, poderemos invadir Portugal... e de paso... ¡España tamén!

*(Entra Godoy en escena ás agachadas e dá un apertón de mans a Napoleón)*

**Godoy:**

-Trato feito! Por Portugal todo... ou case todo.

**Narrador/a:**

-Pero os cidadáns comezaron a sospeitar...

*(Dous cidadáns falan no medio da rúa.)*

**Cidadá 1:**

-Escoitaches? O exército francés non só pasan por España... ¡quedan aquí!

**Cidadá 2:**

-Isto cheira mal... Moi mal! Hai que protestar contra Godoy!

**Cidadán/á 1 e 2:** *[Berrando e levantando os carteis e protesta]*

-Fóra Godoy!!! Non á invasión!

**Narrador/a:**

-A situación volveuse tan complicada que o rei Carlos IV, sen saber que facer, decidiu... abdicar.

*(Entra Fernando VII con capa e coroa de papel.)*

**Carlos IV:** *[suspirando]*

-Fillo, quedas ti de rei. Eu voume... cazar perdices.

**Fernando VII:** *[serio]*

-Grazas, pai. Agora intentarei poñer orde neste lío.

## Desenlace

**Narrador/a:**

-Así foi como Carlos IV abdicou en Fernando VII, nun momento moi complicado da historia de España... ¡e todo comezou cun tratado e cun rei cazador!

## Atrezzo

- Coroa de papel.
- Abanico.
- Sombreiro de napoleón (feito de papel)
- Mapa de man.
- Carteis de protesta decorados con textos tipo: “Fóra Godoy”, “Non á invasión...”, ou calquera outro slogan que cree o alumnado.



“ESCENA I. Un valido e un bo lío”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)